



Consello de Galiza

Buenos Aires, 25 de agosto do 1969.-

Sr.
Xavier Alvajar
17 Quai aux Fleurs
PARIS IV-Francia

Benquerido Alvajar:

Logo do moito traballo que tivemos enriba de nós co gallo das Xornadas Patrióticas Galegas deste ano, hai cinco conselleiros na Comisión de Cultura do Centro Gallego e son quen as organiza e catro viaxando por Galicia, repostamos as suas notas derradeiras.

MANIFESTO DO DIA DE GALICIA E OUTRAS PUBRICACIOS.- Mandamos por vía marítima e con tempo pra que chegue ben un paquete contendo o manifesto dirixido os gallegos do interior co gallo do noso Día Nacional. Esperamos sexa do seu agrado. Tamén saíron tres paquetes con libros. Antre eles o editado pola Irmandade sober Xoahn Viqueira. Destos mandaremos mais e o mesmo de manifesto pra que vaia entregando os irmáns que se atopan en París.

UNION DO POBO GALEGO.- Os nosos conselleiros en Galicia dannos información de incorporación de moitos dos nosos homes a Unión do Pobo Galego. Indicannos que esta organización ven traballando ben após dos problemas da Terra e que a comunicación permanente que vimos sostendo con numerosos irmáns, a máis da entrada do CORREO DE GALICIA e libros e manifestos, ergueron a posición do Consello de Galiza até ser considerado, como debeu ser sempre, como auténtico goberno galego no exilio. Debemos atuar con tino pra darlle a esa forza política e senso que nós temos de democratas e galeguistas. Deste xeito axudaremos a quen ven no interior traballando en tal liña. Vostede siga tratando a ese mozo que o foi a visitar e que tamén escribiu a CORREO DE GALICIA pedindo o envío do periódico. Se lle contestou que o recibirá e que debe poñerse a traballar encol das necesidades que temos. De axuda económica non dixo nada pero vostede debe aplicar o pouco que lle mandamos as necesidades da delegación pois non está nos nosos prans entregar o pouco que temos senón a vostede e a quen no interior teñen moitas a cotío.

PUBRICACIOS.- Chegaron os exemplares de Política e outros máis. Foron lidos e utilizados pra información e interior. Non deixen de mandar canto lle chegue por vía marítima pra poder seguir deste xeito a marcha dos problemas políticos dos exiliados.



Consello de Galicia


²TRATATIVAS COS CATALAS.- Debe seguirlas. Nos esperamos aínda a chegada de Irujo pra conversar con él. A morte de seu irmán en Caracas atrasou a súa xira. O delegado do Goberno Vasco en Buenos Aires asegura que virá. Logo de conversar con él seguiremos as conversas con vostede pra que se faga esa reunión do grupo Galeuzka o que debemos engadir, e moi importante, os canarios que dacordo coas informacións que temos están nesa liña de autonomismo. ~~É~~ É importante o manter contaitos co "Consell Nacional Catalá" pois todos os grupos que están na oposición o franquismo deben ter coñecimento da nosa situación. Si pode mandar as direccións de quenes compoñen o seu Consello Directivo pra mandarlle o periódico.

ENDEREZOS DE NOVOS AMIGOS.- Fixemos xa as fichas pra mandar CORREO DE GALICIA as persoas que vostede indicou. Neste número sairán os periódicos a eles. A información que temos, por noticias directas e indirectas, é que o noso voceiro vai callando fondo en Hespaña. O periódico repartese a man entre quenes non reciben a publicación. Están entrando máis de un milleiro e seguimos engañando novos enderezos. O ergao das Irmandades tamén foi mandado e chegou a tempo pro Día de Galicia. Estamos preparando un número extraordinario pra día da inauguración do monumento a Castelao. Queremos saber si recibe o paquete que cada día 15 e 30 se lle manda pra vostede.-

XIRO DE AGOSTO.- A tesoureiría xa recibeu orde de facer o xiro correspondente e coidamos que en breve terá no seu poder a débeda do viaxe a Colmar.

Pra Xornadas Galegas viu Alvarez Blazquez, Xose María, con quen se mantiveron conversas que van dar bós resultados en Galicia pois fixo unha xira american cambeando impresións cos diferentes grupos galeguistas de todo o continente con instrucións do Consello a ver si podemos facer unha xuntanza de todos nós pra reforzar un pouco os traballos. Por sorte a Delegación de México, que estaba un pouco allea a todo, xa está dando conta da súa labor e aplicada a erguer as cousas a un nivel mais outo.

Agarinosos saudos dos señores conselleiros e unha fonda e cordial aperta


Valentin Fernandez
Segretario de Goberno